



NORMATIVA CAMPIONATO GALEGO DE CROS XOGADE RIBADEO, 17 DE XANEIRO DE 2026

O Servizo de Deportes de Lugo da Xunta de Galicia en colaboración coa Federación Galega de Atletismo e o Concello de Ribadeo, organiza o Campionato Galego de Cros dentro do programa XOGADE.

Art. 1 Data e Lugar. Esta competición levarase a cabo o sábado 17 de xaneiro de 2026 no Campamento Xuvenil da Devesa (Ribadeo).

Art. 2 Categorías. A proba está destinada ás seguintes categorías: alevín (2015-2016), infantil (2013-2014) e cadete (2011-2012) nenos e nenas. As carreiras organizaranse por categoría e xénero.

Art. 3 Participación. Poderán intervir os/as membros (ata un máximo de 6) dos dous primeiros equipos clasificados nos respectivos Campionatos Provinciais das categorías indicadas no artigo 2, así coma, os/as dez deportistas individuais que obtivesen clasificación entre os/as quince primeiros/as.

Art. 4 Inscripcións. A inscrición dos/as participantes rematará o venres 9 de xaneiro ás 12:00h e farase enviando a folla de inscrición que se achega ao enderezo electrónico lugo@atletismo.gal. En calquera caso, non se admitirá ningunha inscrición fóra do prazo oficial ou de participantes non clasificados.

Art. 5 Cambios nos equipos. O día da competición, os/as delegados/as oficiais de cada equipo, poderán realizar un máximo de DOUS cambios por categoría sobre a inscrición. Estes cambios formalizaranse na Secretaría da Competición, até 30 minutos antes do comezo da proba correspondente, momento no que finalizará o prazo de confirmación. Esta posibilidade non exclúe de ter debidamente mutualizadas ás persoas participantes

Art. 6 Horarios e Distancias

Hora	Categoría	Distancia
12:00	Alevín Feminino	2000 metros
12:15	Alevín Masculino	2000 metros
12:30	Infantil Feminino	2500 metros
12:45	Infantil Masculino	2500 metros
13:00	Cadete Feminino	3000 metros
13:20	Cadete Masculino	3000 metros

Art. 7 Cámara de chamadas. Os/as participantes deberán identificarse na cámara de chamadas 15 minutos antes do inicio da proba co carné XOGADE ou DNI.



Art. 8 Dorsais. Entregaranse o día da proba na secretaría da competición ata 30 minutos antes do comezo de cada proba. As persoas participantes deberán facer uso do dorsal de forma totalmente visible, por diante, en toda a súa superficie. En caso contrario serán descualificados.

Art. 9 Resultados. Realizarase unha clasificación individual segundo a orde de entrada na meta e outra por equipos en cada unha das categorías. Para a clasificación por equipos teranse en conta os/as tres (en cadetes) ou catro (no resto de categorías) primeiros/as atletas que cheguen á meta de cada entidade, e sumaranse os postos de entrada na meta destes tres/catro, sendo a entidade que menos sume a vencedora da proba. No caso de producirse un empate entre dous ou máis equipos, resolverase a favor do equipo no que obtivese a mellor clasificación o/a último dos/as integrantes que puntúe. Aqueles equipos que non cheguen á meta cos 4 ou, se é o caso, 3 atletas dos que puntúan, non putarán como equipo.

Art. 10 Premios. Entregaranse medallas aos 3 primeiros/as clasificados/as individuais de cada categoría. Os tres primeiros equipos de cada categoría recibirán un trofeo e medallas para o máximo dos 6 integrantes de cada equipo. A entrega realizarase ao rematar todas as probas.

Art. 11 Desprazamentos. No caso de precisar autobús, cada entidade enviará a súa solicitude ao Servicio Provincial de Deportes de cada provincia (no formato habitual establecido):

Lugo: deportes.lugo@xunta.gal

Coruña: sdbus.coruna@xunta.gal

Pontevedra: transporte-xogade.pontevedra@xunta.gal

Ourense: deportes.ourense@xunta.gal

A solicitude de transporte deberá realizarse antes do venres 9 de xaneiro ás 20:00h.


Art. 12 Picnis. Cada entidade deberá realizar a solicitude dos picnis ao correo electrónico deportes.lugo@xunta.gal. O prazo para solicitalo rematará o venres 9 de xaneiro de 2026 ás 12:00h. O día da proba entregaranse a un responsable de cada entidade dende as 11:00h ata as 12:30h.

Art. 13 Outros. Todo o non disposto neste regulamento resolverase dacordo á normativa XOGADE ou, de ser o caso segundo o regulamento WA.

Art. 14 Plano da actividade.



CAMPAMENTO XUVENIL A DEVESA



Ubicación



CATEGORÍAS	CÁMARA apertura/peche	HORA	DISTANCIA	CIRCUITO
ALEVÍN F.	11,45-11,55	12,00	2000 metros	SAÍDA + 2 (ABCD) + META
ALEVÍN M.	12,00-12,10	12,15	2000 metros	SAÍDA + 2 (ABCD) + META
INFANTIL F.	12,15-12,25	12,30	2500 metros	SAÍDA + C + 2(ABCD) + META
INFANTIL M.	12,30-12,40	12,45	2500 metros	SAÍDA + C + 2(ABCD) + META
CADETE F.	12,45-12,55	13,00	3000 metros	SAÍDA + 3(ABCD) + META
CADETE M.	13,05-13,15	13,20	3000 metros	SAÍDA + 3(ABCD) + META
PREMIACIÓN	13,40 HORAS. PREMIACIÓN			

A DEVESA 2026 / CIRCUITO Campionato Autonómico

